



ÍNDICE - SUMARIO

N.º 223
Volume XLV
maio-xuño 2021



Guieiro

por Pedro Castelao 3

Estudos

Náufragos/as sostidos/as e liberados/as. A vulnerabilidade na Biblia
por Carme Soto Varela 5

A atención á vulnerabilidade na historia da Igrexa
por Antón Negro Expósito 19

Acompañar a vulnerabilidade
por Pepa Torres Pérez 36

Achegas

As grandes soidades no cárcere na COVID-19
por Xaquín Campo Freire 48

Segunda oportunidade para a mocidade inmigrante
por Santiago González Avión 59

O impacto da crise sanitaria nxs menores e adolescentes trans
por Daniela Ferrández Pérez, Cristina Palacios Castro e Miguel Vieito Villar 70

In memóiriam

Xosé Ramón Barreiro Fernández
por Andrés Torres Queiruga 78

En memoria de Hans Küng (1928-2021)
por Pedro Castelao 83



Crónica

Carta desde a banda da esperanza
por Manuel Regal Ledo 91

Recensións

Quando Dios habla no sólo en masculino. La teología feminista
por Marisa Vidal Collazo 107

Oda a Xesús Cristo
por Manuel Regal Ledo 112

*La Aventura de la Consciencia. Diálogos entre ciencia,
pensamiento y espiritualidad*
por Carlos Manuel González Caporale 116

Ilustracións

por Soedade Pite 79, 87





Ningún meniño aprende a camiñar sen caer primeiro. Non hai vida sen feridas. Algunhas cicatrizan e mesmo desaparecen. Outras medran con nós e acostumámonos a elas. Outras non se cerran nunca e hai veces que, créndoas sandadas, sorpréndenos rachando co débil tecido que comezaba a recubrilas. Falamos de feridas epidérmicas, pero tamén das do interior. Estas son as peores. As que van por dentro.

É que somos fráxiles, vulnerables, coma de cristal. Alguén o dubida, logo da crise mundial provocada pola Covid-19? Segundo o Consello Xeral de Psicoloxía de España aumentou considerablemente a demanda de tratamentos psicolóxicos para ansiedade e depresión como consecuencia da pandemia¹. E aínda están por dar a cara os danos máis fondos e duradeiros da crise económica que a tanta xente deixou sen traballo e cunhas neboentas perspectivas de futuro. Para elas e para os seus fillos.

Encrucillada quiere contribuír con este número 223 a iluminar estas situacións de vulnerabilidade.

Un primeiro estudo de Carme Soto aborda a cuestión da marxinación e a vulnerabilidade desde un achegamento á Biblia. Non se pode entender a historia da salvación sen contar con este guión invertido, no que os magoados actores secundarios da historiografía son os protagonistas privilexiados de Deus. E ao revés. A vulnerabilidade, segundo a autora, pode ser sentida, vulnerada ou habitada.

Antón Negro afonda nesta mesma perspectiva desde a historia da Igrexa. Está tan estendido o prexuízo que comprende a Igrexa unicamente como un poder político, económico e social, que poucas veces se repara, explicitamente, na súa monumental contribución ao coidado e promoción dos pobres, dos máis desfavorecidos, dos máis vulnerables en todo tempo e lugar.

Pepa Torres adopta unha perspectiva contemporánea. Da man do filósofo Josep María Esquirol, debuxa uns trazos característi-

1 Cfr. <http://www.infocop.es/pdf/telehealth-survey-summary.pdf> (consultado o 26 de maio de 2021)

cos da vulnerabilidade humana en xeral, para logo enfrontar eses desafíos actuais que pasan pola recuperación do coidado, da interdependencia e por unha transformadora simbiose coa natureza que permitan o desenvolvemento dunha sociedade que viva baixo o signo da fraternidade e o acompañamento.

Tres achegas complementarias concretan máis as contribucións dos estudos.

Xaquín Campo Freire ábrenos as cancelas das prisións para podermos escoitar o berro amargo dos dobremente privados de liberdade: por condena e pola reclusión da pandemia, que coutou entrada de voluntarios e mesmo visitas de familiares.

Santiago González Avión introdúcenos no mundo dos menores inmigrantes en situación de exclusión educativa e con graves problemas de adaptación social. Igual que Xaquín Campo fala do que vive, tamén Santi Avión reflexiona desde a praxe do proxecto Bros no que traballa con ilusión e perseverancia.

Daniela Ferrández Pérez, Cristina Palacios Castro e Miguel Vieito Villar firman conxuntamente unha achega sobre o colectivo de menores transexuais que tamén sufriron un forte impacto cos cambios provocados polo risco de se infectaren de Covid. Para uns foi un alivio verse libres da docencia presencial, pois viven situacións de marxinação nos centros de ensino. Outros, pola contra, víronse atrapados en fogares que son fonte de infelicidade e frustración.

Un In memóriam de Torres Queiruga recorda a figura do historiador ribeirense Xosé Ramón Barreiro Fernández. Outro de quen subscribe lembra o teólogo suízo Hans Küng.

A sempre interesante rolda de Igrexa de Manolo Regal, tres recensións de libros recentes e máis os debuxos de Soedade Pite completan este número de primavera, estando xa ás portas do verán.

Pedro Castelao

